

Catálogo Antón Sobral

Día: Non sei

Hora: Talvez noite

O océano inconcluso que nos abanea quixera ser berce e non cadaleito. Seino porque mo contou ao tempo que nos arrolaba nun silencio exquisito de maragotas e nubes. Non sabe se está diante ou atrás, dentro ou fóra, pero el permanece lambendo os nosos límites cunha lingua de espiral. E ás veces vén e ás veces vaise, uns días aloumiño outros labazada de sal e sempre nos mira con ollos arregalados de amante madura. Quen sabe se é día ou noite nesta singradura entre dous mares, entre o berce e o cadaleito, entre o silencio e o balbordo. Quen sabe se somos heroes ou derrotados cando nós nunca quixemos senón permanecer. Tanto como el permanece en nós, agochado nos días de sol nese espello de sorrisos sen cristais rotos. Quen sabe se é día ou noite, escuma ou argazo, este lombo inestable que nos abraza. Quen sabe, sequera, quen somos os que espreitamos, procurando o reflexo do noso rostro nunha onda que sempre escapa. Se somos sal ou vento nesta marea de desencontros en que nos buscamos, como na loucura de Manhattan baixo a toldada ollada dos rañaceos. Como fixemos no deserto do Sahara absortos nun campo de estrelas. Como nos buscamos no zoco de Istambul, cando ninguén nos ollaba e nos perdiamos nun mar de esencias e cores. Así, nos buscamos hoxe nun día que descoñecemos e nunha hora que talvez sexa noite, neste solpor de silencios so o océano que nos ampara. E non nos tocamos, non vaia ser que o espello sexa oco e as nosas esperanzas, soños nada máis. Namentres, o océano agarda a súa hora.